




# AS REVISTAS ESPAÑOLAS DE TECNOLOGÍA E ENXEÑARÍA NA BEUP

Exposición virtual



Curso 2015-2016

# SUMARIO

CANDO NACEN .....	1
COMO SON .....	2
CALES SON .....	3
Anexo I: Revistas españolas de tecnoloxía e enxeñaría na EUP pechadas .....	12
Anexo II: Revistas españolas de tecnoloxía e enxeñaría naval na EUP .....	13
Anexo III: Fóra da EUP .....	14
Bibliografía .....	15

# AS REVISTAS ESPAÑOLAS DE TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA NA BEUP

En xaneiro de 1926 saíu á luz o primeiro número da revista *DYNA* e con ocasión do seu 90 aniversario a biblioteca da EUP da UDC quere renderlle unha pequena homenaxe cunha exposición virtual na que revisamos as revistas españolas de tecnoloxía e enxeñaría dispoñibles na hemeroteca.

## CANDO NACEN

Durante o Reinado de Isabel II (1833-1868) España abandona progresivamente o Antigo Réxime na medida en que se vai construíndo o Estado Liberal. Son tempos nos que, da man da idea de progreso, penetran as novas correntes científicas e de pensamento procedentes de Europa. É o momento da instalación da rede de telégrafo eléctrico, da creación das escolas de enxeñeiros, da fundación dos primeiros bancos de emisión, do ascenso da industria téxtil catalana e do inicio da construción da rede ferroviaria.

Neste contexto, a mediados do S.XIX, aparecen en España as primeiras revistas no eido da enxeñaría. Estas publicacións foron proxectadas por profesionais co obxectivo de ter un medio propio de divulgación e de intercambio de información científico-técnica, así como servir de correa de transmisión en España dos avances que se producían no estranxeiro ; mais tamén foron ideadas como instrumento de reafirmación da identidade e voceiro na defensa dos intereses corporativos. Xa nun primeiro momento se especializaron nas distintas disciplinas en que se divide a enxeñaría. Así en 1846 sae á luz *Memorial de Ingenieros* -editada por enxeñeiros militares-, desde o ano 1850 os enxeñeiros de minas publican a *Revista Minera* e en 1853 nace a *Revista de Obras Públicas*, publicación dos enxeñeiros de camiños<sup>1</sup> que a día de hoxe segue a ser editada.

En plena Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) nace a revista *DYNA* (1929) editada pola Asociación de Ingenieros Industriales de Bilbao<sup>2</sup>. A ditadura caracterizouse polo intervencionismo económico. Destacou na creación de grandes empresas monopolistas como



Dyna. Núm.1, xaneiro 1926

<sup>1</sup> Dispoñible na [hemeroteca da biblioteca de Camiños](#).

<sup>2</sup> En 1897 créase a Escola de Enxeñeiros Industriais de Bilbao

CAMPSA (industria do petróleo) e Iberia (aviación comercial) e tamén no forte impulso que lle deu ás obras públicas (construción de estradas e vías férreas ou creación das confederacións hidrográficas). Estas obras non beneficiaron unicamente ás industrias directamente afectadas, xa que tamén as industrias auxiliares -cemento, ferro e aceiro-, viviron un período de auxe. Durante este réxime apareceron outras revistas de enxeñaría como a prestixosa [Ingeniería y construcción](#) (1923-1936) ou [Ingeniería Naval](#) (1929- ) cuxos primeiros números poden ser consultados na biblioteca.

Nos anos centrais do S.XX asistimos ao xurdimento dalgunhas revistas que na actualidade continúan a ser publicadas: o *Boletín de Información del Instituto de la Soldadura* (1948-1950) - continuado por *Ciencia y técnica de la soldadura* (1951-1964) que desde 1965 se publicará baixo o título de *Revista de metalurgia* (1965- ), a *Revista española de electrónica* (1954-) e *Técnica industrial* (1952-).

A maioría das revistas que conforman a hemeroteca da EUP inician a súa andaina nas décadas dos 70 [*Energía* (1975-2012) ; *Eurofach electrónica* (1976- ) ; *Fluidos* (1972- ) ; *IMHE* (1974- ) ; *MI : montajes e instalaciones* (1974-2013) ; *Mundo electrónico* (1971- )] e dos 80 [*Automática e instrumentación* (1985- ) ; *Electra* (Madrid) (1983-2015) ; *Elektor* (1982-2012) ; *Era solar* (1983- ) ; *Nueva electrónica* (1983- ) ; *Revista ASINEC* (1989- ) ; *Revista internacional de métodos numéricos para cálculo y diseño en ingeniería* (1985- ) e *Topografía y cartografía* (1984- ) que é continuación de *Técnica topográfica* (1973-1983)].

Durante o S. XXI créanse novas cabeceiras como *Metalindustria* (2014- ), *Tecnoinstalación* (2013- ), *Técnica y tecnología* (2012- ) ou *Conexión Industriales* (2016- ), mais de entre todas elas e debido á súa calidade científica, destaca a *Revista iberoamericana de automática e informática industrial* (2004- ).

## COMO SON

Atendendo ao seu contido, as revistas españolas de enxeñaría que forman parte da hemeroteca da EUP poden ser clasificadas en tres categorías:

- As revistas académicas: publican traballos que son resultado da investigación científica. A importancia deste tipo de revistas ven determinada, non só por seren o principal medio de comunicación científica, senón porque o feito de publicar en revistas de recoñecido prestixio determina en grande medida a promoción profesional d@s investigador@s e tamén condiciona a adxudicación de recursos económicos para a investigación. Este grupo estaría integrado por *DYNA*, *Revista de metalurgia*, *Revista iberoamericana de automática e informática industrial* e a *Revista internacional de métodos numéricos para cálculo y diseño en ingeniería*. Considéranse como principais indicadores de calidade dunha revista estar indizadas en bases de datos científicas (ex.

Scopus) e estar valoradas nos principais índices de impacto: o factor de impacto do JCR<sup>3</sup> e o índice de citas do SJR<sup>4</sup> (SCImago Journal Rank).

- As revistas destinadas a profesionais: inclúen artigos científicos e técnicos, axenda de eventos, actualizacións sobre normas técnicas e lexislación, cuestión profesionais e información de actualidade tecnolóxica.
- As revistas comerciais: conteñen noticias xerais sobre a industria, informacións relativas a produtos e mercados, información técnica sobre materiais e procesos, valoracións de software e produtos, tarifas e directorios.

Moitas das revistas analizadas inclúen contidos atribuíbles a varias categorías, polo que habería que interpretar esta clasificación de maneira flexible.

## CALES SON

Esta exposición virtual non pretende ser un estudo exhaustivo. O obxectivo é dar a coñecer aquelas revistas relacionadas coa enxeñaría editadas en España, que se publican na actualidade (tanto en versión impresa como en versión electrónica) e que forman parte da colección da biblioteca da EUP.



### Anales de mecánica y electricidad (1922- )

Revista da Asociación de Ingenieros do ICAI (Instituto Católico de Artes e Industrias). Foi fundada no 1922 e en 2016 comezou a publicarse unicamente en versión electrónica. Inclúe artigos técnicos de carácter xeral e noticias de interese para @s asociad@s.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#) : sumarios e texto completo

[Editor](#): texto completo

<sup>3</sup> O factor de impacto dunha revista calcúlase dividindo o número de citas recibidas nun ano determinado polos artigos publicados nos dous anos anteriores, entre o número total de artigos que foron publicados neses dous anos

<sup>4</sup> Este indicador calcúlase dividindo o número medio de citas ponderadas recibidas nun ano concreto entre os documentos publicados pola revista seleccionada durante os tres anos anteriores.



## Automática e instrumentación (1985- )

Ata o ano 1985 publícase baixo o título Técnica de la regulación y mando automático (1968-1985). Recolle artigos técnicos, información relativa a novos compoñentes, aplicacións e procesos, ademais de noticias relacionadas cos sectores da automatización e a da enxeñaría mecánica.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo




## Conexión Industriales (2016- )

Revista do Consejo General de Colegios Oficiales de Ingenieros Industriales (CGCOII) concebida como canle que sirva para proxectar a profesión d@s enxeñeir@s industriais na sociedade en xeral e entre @s propi@s profesionais en particular.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Editor](#): texto completo



## Dínamo técnica : revista gallega de enerxía (1999- )

Nace en Ferrol por man de dous estudantes como revista de enxeñaría industrial e naval, mais en poucos anos acabou por se especializar no tema da enerxía. En 2013 lánzase a versión dixital. Nas súas páxinas atópanse, principalmente, informes sobre produtos, artigos de carácter xeral e noticias sobre o sector enerxético.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios e texto completo

[Editor](#): texto completo



### Dyna (1926- )

Dyna, hoxe Órgano Oficial de Ciencia e Tecnoloxía da Federación de Asociaciones de Ingenieros Industriales de España (FAIE), nace en 1926 como revista da Agrupación de Bilbao da Asociación Nacional de Ingenieros Nacionales.

Desde as súas orixes esta revista tratou de ser algo máis que un instrumento de información corporativa, xa que, ademais de artigos técnicos orixinais, reproducía o contido doutras destacadas publicacións técnicas europeas e americanas mediante o resumo dos seus artigos.

A maioría do seus contidos está formado por artigos técnico-científicos orixinais e inéditos, mais as súas páxinas tamén acollen temas de actualidade e de carácter profesional.

Na actualidade é unha das revistas científicas españolas de enxeñaría con máis prestixio internacional. Incluída no JCR desde 2009, no JCR 2015 obtivo un factor de impacto de 0,302 mentres que no SJR está avaliada desde 2010 e para 2015 logrou un 0.165.

Entra as universidades colaboradores de Dyna atópase a Universidade da Coruña.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo (rede UDC ; acceso aberto cun embargo de 6 anos)



### Dyna energía y sostenibilidad (2012- )

Revista de carácter científico especializada na tecnoloxía enerxética e o desenvolvemento sostible relacionado coa enerxía. Ademais de artigos científica-técnicos inclúe informes sobre temas de actualidade referentes ao seu contido. Só se edita en versión dixital en rede.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Editor](#): texto completo (rede UDC)



### Dyna new technologies (2014- )

A editorial Publicaciones DYNA publica tamén en versión electrónica e en rede estoutra publicación científica especializada, neste caso, nas novas tecnoloxías emerxentes tales como informática, telecomunicacións, nanotecnoloxía, biotecnoloxía ... e outras.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Editor](#): texto completo (rede UDC)



### Era solar (1983- )

Incorpora todo tipo de contidos relativos á enerxía solar fototérmica e fotovoltaica: información técnica e comercial, aplicacións industriais, agrícolas e domésticas , noticias, entrevistas, bibliografía e ofertas de emprego.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios



### Eurofach electrónica : actualidad y tecnología de la industria electrónica (1976- )

Información técnica sobre novos produtos, tendencias e tecnoloxías no sector da electrónica.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo



### Fluidos (1972- )

Fluidos é unha revista orientada a profesionais que reúne información sobre técnicas, equipos e compoñentes hidráulicos, neumáticos e de automatización industrial. Contén tamén noticias de actualidade e directorio de empresas.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios



### IMHE (1974- )

Especializada en temas de maquinaria e fabricación, esta revista inclúe algún artigo técnico e abundosa información sobre os novos produtos que saen ao mercado.

Para consulta:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): suamrios



### Informatiu Theknos (1996- )

Nesta revista do Col·legi d'Enginyers Tècnics Industrials de Barcelona destacan as noticias e a información de interese para @s profesionais colexiad@s. Inclúe tamén entrevistas e artigos técnicos.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)



### El Instalador (1967- )

Incorporouse aos fondos da hemeroteca da EUP en 2016, ano a partires do cal inclúe unha nova sección “Electra cuadernos” na que integra os contidos da revista [Electra \(Madrid\)](#) . Ei instalador é unha publicación destinada a profesionais interesados na eficiencia enerxética en relación coas instalacións de climatización, fontanería e enerxía. En cada número publícanse as noticias do sector, novidades do mercado, informes técnicos e un monográfico no que se analiza un tema actual de interese.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo (rede UDC)



### Luces CEI (1993- )

É a revista do Comité Español de Iluminación. Está orientada a profesionais e combina artigos, estudos, informes e noticias sobre iluminación.

Para consultala

[Catálogo UDC](#)



### Metalindustria (2014- )

Publicación especializada nos temas relacionados co sector da industria metalúrxica. Dirixida a profesionais, publica noticias de actualidade, información sobre produtos, directorio de empresas, reportaxes, entrevistas e artigos técnicos.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios



### Mundo electrónico (1971- )

Actualidade, tendencias, novos produtos e algún artigo técnico cubren o contido desta publicación destinada a @s enxeñeir@s do sector electrónico.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo



### Plast21 : la revista de los plásticos y su cultura (1991- )

O obxecto de análise de Plast 21 son os materiais plásticos, especialmente desde o punto de vista das aplicacións industriais. Recolle artigos técnicos, noticias de actualidade, informes sobre novos produtos e novidades bibliográficas.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#) : sumarios



### Plásticos universales (1974- )


Esta revista especializada nun material, o plástico, está destinada a profesionais da tecnoloxía en xeral. Recolle aplicacións técnicas, novas de actualidade, entrevistas, informes e artigos.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo




### Revista ASINEC (1989- )

Como revista da Asociación Provincial de Industriais Electricistas y de Telecomunicaciones de A Coruña, recolle principalmente noticias de interese para @s seus/súas asociad@s (empresas e profesionais autónomos).

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Editor](#): texto completo



### Revista de metalurgia (1965- )

A Revista de Metalurgia, editada polo Centro Nacional de Investigaciones Metalúrgicas (CENIM) do CSIC, está especializada no tema dos metais e as súas aleacións. Ofrece en acceso aberto os artigos publicados desde o ano 1995.

Incluída desde 1997 no Journal of Citation Reports (JCR), no 2015 obtivo un factor de impacto de 0,203. No SJR está avaliada desde 1999 e para 2015 logrou un índice de 0,18.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios e texto completo

[Editor](#): texto completo



### Revista de plásticos modernos (1963- )

Esta publicación -continuación da *Revista de Plásticos* (1950- )- do Instituto de Ciencia y Tecnología de Polímeros do CSIC é a máis antiga do sector en España. Está especializada nos temas relativos á industria dos polímeros e naceu coa intención se servir de nexo entre a investigación pública e as empresas.

Publica artigos científicos orixinais e traducións dalgunhas revistas internacionais, ademais de análises de materiais e novas aplicacións, noticias de actualidade e recomendacións bibliográficas. No ano 2014 pasa a publicarse só en formato

electrónico. Está indizada en Scopus.

Para consultala

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo (rede UDC)



### Revista española de electrónica (1954- )

Contén noticias, información técnica e valoracións sobre os novos dispositivos e aplicacións que se desenvolven no sector electrónico.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios



### Revista iberoamericana de automática e informática industrial (2004- )

A Revista Iberoamericana de Automática e Informática Industrial (RIAI) é o órgano de expresión do Comité Español de Automática (CEA). O seu foco de interese céntrase na Teoría de Control, a Enxeñaría de Sistemas, a Automatización, a Robótica e a Regulación Automática. Inclúe artigos científico-técnicos, comunicacións, monografías e artigos de opinión de interese para o personal investigador no campo da Automática e Informática

Industrial.

En 2011 pasa a ser editada, con acceso gratuito en versión electrónica, por Elsevier.

Incluída no JCR desde 2009, no JCR 2015 obtivo un factor de impacto de 0,475. No SJR está avaliada desde 2008 e para 2015 logrou un índice de 0,212.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios e texto completo

[Editor](#): texto completo



### Revista internacional de métodos numéricos para cálculo y diseño en ingeniería (1985- )

Prestixiosa revista dedicada aos desenvolvementos teóricos e ás aplicacións prácticas dos métodos numéricos na enxeñaría e noutras ciencias aplicadas. A Universitat Politècnica de Catalunya publica esta revista desde os seus inicios en 1985 e xuntamente con Elsevier desde 2011. Dispoñible en acceso aberto (OA) a partir de 2016.

Incluída no JCR desde 2009, no JCR 2015 obtivo un factor de impacto de 0,207. No SJR está avaliada desde 2010 e para 2015

logrou un índice de 0,201.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo



### Soldadura y tecnologías de unión (1990?-)

Esta publicación da Asociación Española de Soldadura y Tecnologías de Unión está dedicada ás técnicas de soldadura e nela pódense atopar artigos técnicos, noticias, entrevistas, anuncios de emprego e referencias bibliográficas.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios



### Técnica industrial (1952- )

Técnica Industrial é unha publicación especializada no eido da enxeñaría industrial na que se intercalan os artigos técnicos e científicos coas noticias de actualidade e información de interese profesional.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Dialnet](#): sumarios

[Editor](#): texto completo



### Técnica y tecnología metalmecánica (2012- )

Contén entrevistas e artigos técnicos relativos á industria metalmetálica.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Editor](#): texto completo



### Tecnoinstalación (2013- )

Revista dirixida a profesionais relacionados coa climatización, calefacción, fontaneiría, gas, frío industrial e material eléctrico. Incorpora artigos técnicos, noticias de actualidade e información sobre novos produtos.

Para consultala:

[Catálogo UDC](#)

[Editor](#): texto completo

## **Anexo I: Revistas españolas de tecnoloxía e enxeñaría na EUP pechadas**

Actualidad electrónica

Anuario de ingenieros de España y empresas del sector

AT: actualidad tecnológica : periódico de equipos y tecnología

Automatización del diseño, gestión y producción

Automática e instrumentación: anuario

Boletín informativo del Colegio Oficial de Peritos e Ingenieros Técnicos Industriales de Madrid

Boletín informativo del Instituto de Ingenieros Civiles de España

Ciencia y técnica de la soldadura : revista del Instituto de la Soldadura

CIS Galicia : novas : tecnoloxía e diseño

Debats tecnològics

Desarrollo tecnológico

Difusión tecnológica

El mundo de la domótica : revista de sistemas de control gestión técnica de edificios

Electra : revista técnica y de innovación eléctrica, iluminación y telecomunicaciones

Electro noticias

Elektor

Energía

Enxeñeiros

Giesa : publicación trimestral de información técnica

ICE : revista de instrumentación, componentes y equipos electrónicos

Iluminación profesional

INITE : Instituto de Ingenieros Técnicos de España : boletín informativo de la ingeniería y arquitectura técnicas

La revista de rodamientos

MI : montajes e instalaciones

[Nueva electrónica](#)

[Produelectro : el periódico del instalador eléctrico](#)

[¡Qué crisis! : 1ª revista da Escola Universitaria Politécnica de Ferrol](#)

[Revista de soldadura](#)

[Revista iberoamericana de corrosión y protección](#)

[Ruta de compras del sector electrónico](#)

[Tecnobats](#)

[Tecnodisma](#)

[Topografía y cartografía](#)

[Tribuna domótica](#)

[Tribuna eléctrica](#)

## **Anexo II: Revistas españolas de tecnoloxía e enxeñaría naval na EUP**

No curso 2010-2011 iníciase o proceso de substitución das antigas titulacións das Enxeñarías Técnicas Navais polos novos graos adaptados ao EEES (Espazo Europeo de Educación superior) ao tempo que a súa docencia na Universidade da Coruña pasa a impartirse na Escola Politécnica Superior. Cómpre lembrar que desde o seu nacemento en 1966 e ata datas moi recentes, a historia da Escola Universitaria Politécnica está vencellada aos estudos de Enxeñaría Técnica Naval e por consecuencia tamén a historia da biblioteca e os seus fondos.

[Buques](#)

[Infomarine : actualidad y tecnología de la industria naval y marítima](#)

[Ingeniería naval](#)

[Lista oficial de buques](#)

[Marina civil](#)

[Más navíos](#)

[Navieras](#)

## Anexo III: Fóra da EUP

E porque hai vida máis alá da EUP, elaboramos tamén unha selección con outras revistas de interese que agrupamos en dous apartados. “Nas orixes ...” recolle algunhas das revistas de enxeñaría que foron pioneiras en España cuxo contido dixitalizado está accesible a través da Hemeroteca Digital da Biblioteca Nacional de España. “No presente ...” destaca catro publicacións periódicas actuais que teñen en común seren revistas de carácter científico publicadas en acceso aberto e en inglés.

### Nas orixes ...

Aérea

Anuario de electricidad

El auxiliar de la ingeniería y arquitectura

Crónica de la industria

La energía eléctrica

España automóvil y aeronáutica

Hormigón y acero

Industria (Madrid. 1906)

Industria e invenciones

La industria nacional

Ingar

Ingeniería y construcción

Madrid científico

El museo de la industria

Progreso agrícola y pecuario

El progreso industrial y mercantil

Radio y luz

Revista de locomoción aérea

Revista industrial anglo-española e hispanoamericana

No presente...

Iberoamerican Journal of Artificial Intelligence

International Journal of Interactive Multimedia and Artificial Intelligence

International journal of production management and engineering

Journal of industrial engineering and management

## Bibliografía:

- BAHAMONDE, Ángel e MARTÍNEZ, Jesús A. *Historia de España Siglo XIX*. Madrid : Cátedra, 1994
- BEN-AMI, Shlomo. *La dictadura de Primo de Rivera 1923-1930*. Barcelona : Planeta, 1984
- FERNÁNDEZ CLEMENTE, Eloy. “Las revistas de los ingenieros : la recepción en España de la segunda revolución industrial” en *Les élites et la presse en Espagne et en Amérique latine:des Lumières à la Seconde Guerre Mondiale. Actes réunis et présentés par Paul Aubert et Jean-Michel Desvois*. Madrid : Casa de Velázquez ; Bordeaux : Maison des Pays Ibériques , 2001. P. 171-188
- GARCÍA DEL TORO, M.A. e FAURA, F. “Estudio de las publicaciones periódicas españolas de tecnología e ingeniería mecánica y metalúrgica” en *Revista Española de Documentación Científica*, 21, 1 (1998). P. 24-41
- *Information sources in engineering*. Editors K.W. Mildren, P.J. Hicks. 3<sup>rd</sup> ed. London : Bowker Saur, 1996.
- *Information sources in engineering*. Editors Roderick A. MacLeod and Jim Corlett. 4th ed. München : K. G. Saur, 2005.